

# PLAN DIXITAL

## IES Virxe do Mar



IES Virxe do Mar

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice

<b>1. Introducción.....</b>	<b>2</b>
1.1. Datos básicos do centro.....	2
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.....	2
1.3. Xustificación do Plan Dixital.....	3
1.4. Proceso de elaboración.....	4
<b>2. Situación de partida.....</b>	<b>4</b>
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	4
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....	7
2.3. Análise DAFO.....	9
<b>3. Plan de Acción.....</b>	<b>11</b>
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	11
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	18
<b>4. Avaliación do plan.....</b>	<b>18</b>
4.1. Seguimento do Plan de Acción.....	18
4.2. Propostas de mellora.....	18
<b>5. Difusión do plan.....</b>	<b>18</b>

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

O presente documento recolle o Plan Dixital do IES Virxe do Mar de Noia. Os datos básicos do centro son os seguintes:

- Enderezo: r/Rosalía de Castro, número 1. 15200 Noia (A Coruña)
- Correo electrónico: ies.virxedomar.noia@edu.xunta.gal
- Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesvirxedomar/>
- Etapas educativas: ESO, Bacharelato, Formación Profesional de Grao Medio, Escola Oficial de Idiomas
- Número de alumnos e alumnas: 399
- Número de profesores e profesoras: 45

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O 70% do alumnado do I. E.S. Virxe do Mar procede do concello de Noia, o 15% provén da zona Norte do de Outes, e o 5% restante, doutros concellos, do que cabería salientar o de Lousame. O concello de Noia, no que se ubica o centro, é o punto de referencia socio-económica e cultural de toda a comarca. A súa poboación adícase maioritariamente ao sector terciario, que é o maior xerador económico da vila. O resto da poboación distribúese entre os sectores secundario e primario, que se reparte entre a agricultura e a pesca, sendo o mar e as actividades con el relacionadas o que sostén case todo o peso deste sector. A lingua empregada habitualmente nas familias é o castelán, nunha pequena porcentaxe por riba do galego. A maioría dos pais e nais do noso alumnado posúen titulación académica básica (E.X.B.), repartíndose o resto de forma case equitativa entre os titulados en F.P., Bacharelato e "Sen título". Só un 10% dos pais teñen unha Diplomatura ou Licenciatura Universitaria, diminuindo esta porcentaxe no caso das nais.

### Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo. Relación con outros proxectos.

Os datos recollidos para a elaboración deste Plan Dixital complementan a descrición do contexto socio-cultural do noso centro que figura no Proxecto Educativo. Neste sentido, apórtase unha visión global sobre o uso que se fai das TIC por parte dos membros da comunidade educativa e sobre a competencia dixital do alumnado e do profesorado. Se temos en conta a presenza crecente das novas tecnoloxías da información non só nos procesos de ensino, senón tamén en case todos os ámbitos da vida, dispoñer desta información pode contribuir á consecución dos obxectivos marcados no noso Proxecto Educativo. Por outro lado, o Plan de Acción contemplado neste documento tamén debe contribuir a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, e polo tanto, á consecución de obxectivos tales como:

- Unha educación en valores
- Unha adecuación do ensino á realidade socio-cultural
- Unha educación para a saúde
- Unha educación cívica
- Unha mellora na calidade dos procesos de ensino e aprendizaxe
- O fomento do diálogo, a comunicación e a participación

As propostas que xorden deste Plan Dixital deben, en todo caso, respectar os principios educativos do noso centro.

Durante a última década o noso instituto experimentou unha transformación importante en relación co uso das TIC. Foi un centro pioneiro na incorporación de pizarras dixitais, incorporouse ao Proxecto Abalar no curso 2011-12, e no curso 2015-16 implantou un servizo de correo electrónico e almacenamento na nube para todo o alumnado.

Máis recentemente, no curso 2020-21 o IES Virxe do Mar incorporouse ao proxecto E-Dixgal co alumnado de 1º ESO, estendendo a súa implantación a 2º ESO no curso 2021-22. Para o curso 2022-23 prevese incorporar ao alumnado de 3º ESO. Este proxecto supón un cambio metodolóxico relevante, por canto que incrementa notablemente a presenza de ferramentas TIC na actividade lectiva diaria. Neste sentido, o Plan Dixital debe contribuír a facilitar que a transición cara este modelo sexa fluída, enriquecedora e positiva. A formación de usuarios (profesorado e alumnado) e a optimización de recursos son dous dos obxectivos marcados no Plan Dixital que deberían conducirnos nesa dirección.

Seguindo coa liña de transformación dixital iniciada hai anos, o centro solicitou a súa inclusión no programa Polos Creativos. No momento de redacción deste plan aínda non se resolveu dita solicitude.

As actuacións propostas no Plan de Acción contemplado neste Plan Dixital deberán terse en conta na redacción da Programación Xeral Anual do curso 2022/23, xa que algunhas das actuacións previstas teñen implicacións tanto no uso de espazos como na dispoñibilidade de sesións (de titoría, por exemplo).

### **1.3. Xustificación do Plan Dixital**

O Plan Dixital do centro xorde como unha resposta ás instrucións ditadas pola Consellería na Resolución do 3 de setembro de 2021, pero tamén como un medio necesario para sentar as bases do futuro das TIC no noso centro. Con este documento preténdese, por un lado, definir a relación actual da nosa comunidade educativa coas TIC, e por outro, marcar o camiño a seguir para aproveitar do mellor xeito posible a dixitalización en beneficio da educación.

O marco normativo no que se integra o presente Plan Dixital está conformado polas seguintes disposicións legais:

- Artigo 111 bis, artigo 121 e artigo 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

#### 1.4. Proceso de elaboración

O presente documento foi elaborado durante o curso 2021/22 polo equipo dinamizador TIC do IES Virxe do Mar de Noia, que contou co asesoramento da administración educativa a través do CAFI e dos mentores ADIX.

A actividade desenvolvida para obter esta primeira versión do Plan Dixital do centro dividiuse nas seguintes etapas:

1. Obtención de información entre os membros da comunidade educativa (profesorado e alumnado) para coñecer a situación actual respecto do uso das tecnoloxías dixitais no centro.
2. Identificación das nosas fortalezas e debilidades, así como das ameazas e oportunidades que se nos presentan neste eido.
3. Definición de obxectivos e confección dun plan de acción para acadalos.
4. Redacción do Plan Dixital.

Ao longo do curso o equipo dinamizador reuniuse de forma periódica. Ademais, realizáronse dúas sesións de formación coa mentora ADIX do centro.

## 2.Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro

O IES Virxe do Mar conta con liña telefónica e acceso a internet de banda larga. Existe conexión por cable en todas as aulas e no resto de dependencias (despachos, portería...), tanto no edificio principal de docencia (*edificio novo*) como no edificio nobre. Así mesmo, dispón dunha boa cobertura sen fíos no edificio principal de docencia, logo da instalación dunha rede de puntos de acceso no verán de 2021. Sen embargo, o edificio nobre non dispón dunha rede sen fíos global e corporativa. Esta carencia limita a posibilidade de uso de equipamento sen fíos (fundamentalmente

equipos E-DIXGAL) nas dependencias dese edificio: aulas específicas de Plástica, Música, Tecnoloxía, laboratorios de Ciencias, salón de Actos...

Cada unha das tres aulas de informática do centro, así como as dúas aulas do Ciclo, dispoñen de cadanseu concentrador de rede.

## Servizos dixitais educativos

No curso 2021-2022 o IES Virxe do Mar ofrece os seguintes servizos dixitais:

- Páxina web. Integrada no proxecto Webs Dinámicas da Consellería. Está previsto realizar, en canto sexa posible, unha remodelación en profundidade da mesma.
- Aula Virtual. Soportada polos servidores da Consellería, usa o paquete Moodle na súa versión 3.9. A totalidade do alumnado do centro está matriculado, e todas as materias nas que se organiza a docencia dispoñen dun espazo nesta aula virtual.
- Proxecto E-Dixgal. Implantado en 1º e 2º ESO, e pendente de implantar en 3º ESO no curso 2022/23.
- Portafolio na nube Agueiro. Habilitado para todo o profesorado. Pendente de estender ao alumnado do centro.
- EspazoAbalar. Habilitado durante o curso 2021/22 para a xestión das comunicacións entre o profesorado e coas familias: informes de titoría, avisos...
- AbalarMóbil. Servizo activo desde hai varios cursos e cunha implantación crecente entre as familias.

## Xestión do mantemento do equipamento e servizos do centro

A xestión do equipamento do centro organízase desde o equipo de dinamización TIC, baixo a supervisión da Dirección do centro, e coa colaboración de tres axentes externos:

- Unha empresa que presta servizos no eido das TIC na educación, coa que o centro ten asinado un contrato de mantemento. En virtude deste contrato, a empresa realiza visitas quincenais ao centro para resolver as incidencias comunicadas.
- A Unidade de Atención a Centros da Consellería de Educación.
- O Servizo Premium para o equipamento do proxecto E-Dixgal.

As labores de xestión do equipamento organízanse en dúas liñas de traballo:

- Resolución de incidencias. O equipo de dinamización do centro encárgase de prestar unha resposta o máis rápida posible, dentro das súas competencias: configuración de equipamento ou formación de usuarios. Cando as incidencias non poden resolverse por esta vía, por exemplo no caso de avarías ou pola súa complexidade técnica, solicítase a participación da empresa colaboradora ou

ben dos servizos da Consellería, dependendo da natureza do equipamento afectado.

- Identificación de necesidades. A partir da comunicación cos profesores e profesoras do centro, e en colaboración coa Dirección, o equipo de dinamización TIC elabora propostas de adquisición e/ou renovación de equipamento.

En relación aos servizos dixitais, o labor do equipo de dinamización céntrase fundamentalmente en:

- Xestión do proxecto E-Dixgal. Desde o equipo dinamizador xestiónanse os recursos dispoñibles, préstase asesoramento e organízanse Plans de Formación. Tamén se intentan resolver as incidencias que xorden no día a día ou derívanse ao servizo de soporte da Consellería.
- Xestión da aula virtual e outros servizos corporativos. Realízanse tarefas como a alta de usuarios, a creación de cursos ou o asesoramento a usuarios no manexo da aula virtual e doutras ferramentas, como o Espazo Abalar.

### Equipamento dispoñible

Nos seguintes parágrafos descríbese o equipamento TIC do centro, categorizado segundo o seu uso.

- Aulas dixitalizadas. Enténdese por aula dixitalizada aquela que ten conectividade e posibilidade de visualización e interacción. Na actualidade dispoñemos, con estas características, de 16 aulas de grupo (11 na ESO e 5 en Bacharelato), 2 aulas de desdobre, e unha aula específica (Música). Con conectividade e posibilidade de visualización, pero sen interacción, temos 1 aula de desdobre, 2 aulas de Ciclo, 3 aulas de informática, 7 aulas específicas (taller de Tecnoloxía, laboratorio de Bioloxía, aula de Plástica, seminario de Inglés, seminario de Arte, aula Pompeia), a Biblioteca do centro e o salón de Actos. Todas estas aulas contan ademais con dispositivos de audio. Por último, contamos con 1 aula (Pedagogía Terapéutica) e un laboratorio (Física e Química) equipados con 1 equipo conectado a internet, pero sen posibilidade de visualización nin interacción. Na aula de Pedagogía Terapéutica existen ademais 5 equipos en desuso. Por último, contamos con impresora en 4 aulas (Música, Plástica, Pompeia e Pedagogía Terapéutica). Desde calquera das aulas do centro poden realizarse videoconferencias de xeito puntual grazas ás 6 webcams portátiles das que dispoñemos.
- Proxecto E-Dixgal. Forman parte deste programa 5 grupos de 1º e 2º da ESO que suman un total de 104 equipos de alumnos en uso e 14 equipos de reposto. Para o profesorado temos 19 equipos en uso e 2 de reposto, todos eles dotados pola Consellería.
- Postos de traballo de xestión e administración do centro: 8 equipos, que se reparten do seguinte xeito: equipo directivo (4), secretaría (2), portería edificio nobre (1), portería edificio novo (1). Ademais, na secretaría contamos con 1 impresora láser. En cada portería temos unha impresora/fotocopiadora en rede.

- Uso na biblioteca: contamos con 1 equipo para a xestión de préstamo e 1 equipo para as actividades que se desenvolven nela, e que poidan necesitar o uso do proxector. Tamén temos neste espazo 6 equipos portátiles para os usuarios que queiran consultar fondos, buscar información ou realizar traballos. Ademais a Biblioteca conta cun equipo de son de alta calidade.
- Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos: na sala de profesorado contamos con 4 equipos. Dispoñemos de 6 equipos para o uso en departamentos didácticos (Matemáticas, Bioloxía, Inglés, Educación Física, Lingua Galega e Orientación). A sala de pais e nais conta con 1 equipo en uso e 1 equipo en desuso. Hai 1 impresora láser na sala de profesorado, 1 impresora de inxección no departamento de Orientación e 3 impresoras na sala de pais e nais: 2 de inxección (unha delas en desuso) e 1 láser en desuso.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil: o departamento de Tecnoloxía conta con 6 ultraportátiles para uso do alumnado nas prácticas que se desenvolven no taller. Contamos tamén con 19 portátiles a disposición do alumnado con problemas de conectividade (e que non formen parte do proxecto E-Dixgal), e 4 portátiles a disposición do profesorado.
- Aulas de informática: dispoñemos de tres aulas de informática. Todas elas con proxector e conexión cableada. O reparto de equipos por aulas é o seguinte:
  - Informática 1: 10 equipos, 1 para o profesor/a e 9 para o alumnado
  - Informática 2: 22 equipos, 1 para o profesor/a e 21 para o alumnado
  - Informática 3: 25 equipos, 1 para o profesor/a e 24 para o alumnado
- Aulas de Ciclo. Para a impartición do Ciclo de Grao Medio de Vídeo DJ e Son contamos con dúas aulas con equipamento informático: na aula de Imaxe temos 24 equipos. Na aula de Son dispoñemos de 12 equipos, cada un deles cun sistema de audio propio.

Como resultado do proceso de actualización de equipamento realizado nos últimos anos, contamos cunha serie de equipos en desuso que se poden usar puntualmente para cubrir avarías ou para aproveitar compoñentes, pero que de ningún xeito poden prestar servizo de modo regular. En concreto dispoñemos de 22 equipos e 19 monitores en reserva.

En relación con outro tipo de equipamento, temos 8 proxectores e 4 impresoras en desuso.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Como punto de partida para a elaboración do Plan Dixital levouse a cabo unha análise da situación do centro, valorando as Debilidades, Fortalezas, Ameazas e Oportunidades da nosa comunidade educativa (análise DAFO). Os datos necesarios para realizar esta análise obtivéronse a partir das seguintes ferramentas:



- Enquisa SELFIE. Ferramenta en liña desenvolvida no marco da Unión Europea para mellorar o uso da tecnoloxía nos procesos de ensino e aprendizaxe. Participou nesta enquisa o profesorado, o alumnado e o equipo directivo.
- Test de Competencia Dixital Docente (test CDD). Enquisa de avaliación da competencia dixital do profesorado.

De seguido recóllese un resumo dos resultados obtidos con estas dúas ferramentas, que serviron de base para a elaboración da análise DAFO.

## Resumo da enquisa SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	3.3	3.2	2.9
	Profesorado	3.3	3.2	2.9
	Alumnado	-	-	-
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	3.1	2.9	2.9
	Profesorado	2.6	2.4	3.4
	Alumnado	3.0	2.8	3.1
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	4.0	4.0	3.9
	Profesorado	3.9	3.5	3.4
	Alumnado	3.9	3.4	3.7
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3.8	3.6	3.6
	Profesorado	3.4	3.3	3.6
	Alumnado	-	-	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3.7	3.7	3.6
	Profesorado	4.2	3.9	4.3
	Alumnado	4.0	3.6	4.4
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3.0	3.0	3.1
	Profesorado	3.4	2.8	4.4
	Alumnado	3.2	2.8	4.1
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2.7	2.8	2.9
	Profesorado	2.8	2.3	3.7
	Alumnado	3.0	2.5	3.7
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3.6	3.7	3.8
	Profesorado	3.3	3.0	3.4
	Alumnado	3.4	3.1	3.8

## Resumo do test de Competencia Dixital Docente

Participación segundo o perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	20	36	56%
<b>PROVISIONAL</b>	2	5	40%
<b>INTERINO</b>	3	3	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	1	5	20%
<b>OUTROS</b>	1	2	50%

### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81.2	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	79.0	Integrador/a (B1)	79.2	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>	79.9	Integrador/a (B1)	77.9	Integrador/a (B1)
<b>FP</b>	69.5	Integrador/a (B1)	80.3	Integrador/a (B1)

### Distribución do profesorado por niveis de competencia

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	-	-
<b>A2</b>	9	33.3%
<b>B1</b>	12	44.4%
<b>B2</b>	3	11.1%
<b>C1</b>	3	11.1%
<b>C2</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	27	99.9%

A maiores da información proporcionada por estas ferramentas, para a elaboración da análise DAFO tívose en conta a experiencia dos membros do equipo de dinamización TIC e da dirección do Centro.

### 2.3. Análise DAFO

Na seguinte táboa recóllese a análise de fortalezas e debilidades do noso centro, entendidas como factores internos da nosa organización, e a análise de ameazas e oportunidades, vinculadas a factores externos ao centro. Decidiuse organizalos por categorías, por entender que deste xeito se facilita a posterior definición dos obxectivos do Plan Dixital e a súa concreción a través do Plan de Acción.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	Aceptable dotación de equipos informáticos. Participación no plan E-Dixgal. Aula Virtual organizada e utilizada pola maioría do profesorado. Espazo titorías.	O sitio web do centro precisa ser actualizado e reorganizado. Mala cobertura wifi no edificio nobre.
	<b>PERSONAL DOCENTE</b>	Alta participación na enquisa SELFIE cunha valoración superior o 2,5 en todas as áreas. Respostas bastante similares na ESO e no Bacharelato. Mellors resultados en FP no que se refire a implementación nas aulas e prácticas de avaliación (superior a 3). Experiencia de varios anos no uso de contornas virtuais de aprendizaxe. Uso de tecnoloxías dixitais para a comunicación	O 85 % do profesorado afirma non dispor de tempo suficiente para a creación de materiais dixitais e a formación en novas tecnoloxías. O 60 % afirma ter unha competencia dixital insuficiente. Non se consegue desenvolver correctamente a competencia dixital do alumnado. Escasa reflexión sobre o uso que se fai das tecnoloxías dixitais na práctica profesional.

		entre os membros da comunidade educativa. Uso das tecnoloxías dixitais na propia aprendizaxe profesional. Bo nivel de competencia na busca e selección de recursos dixitais educativos. Implicación do profesorado nos plans de formación de centro. Grande mellora da competencia dixital do profesorado derivada dos retos da pandemia e basada na colaboración entre a maioría dos membros do claustro.	Pouca predisposición a explorar novas experiencias coas tecnoloxías emerxentes. Parte do profesorado é reticente á implantación de programas para o ensino dixital.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	Acceso á infraestrutura dixital do centro. Boa competencia e alta capacidade de xestión dos trámites administrativos polo persoal da Secretaría.	Escasa implantación de tecnoloxías dixitais na actividade cotiá de portería.
	<b>ALUMNADO</b>	Os resultados da enquisa SELFIE son similares ós do profesorado cunha valoración superior o 2,5 en todas as áreas.	As boas valoracións na enquisa SELFIE respecto a súa competencia dixital poden evidenciar un exceso de confianza e un descoñecemento das súas carencias.
	<b>FAMILIAS</b>	Rápida aceptación e uso de ferramentas dixitais (Espazo Titorías, Abalar móbil).	Non contamos cunha ANPA no centro.
	<b>OFERTA</b>	O centro conta cun Ciclo Medio de Vídeo DJ e Son que colabora habitualmente nas actividades audiovisuais. Oferta de materias optativas: TIC en 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato e Programación en 2º de ESO.	Non temos unha oferta conxunta de formación de usuarios para alumnado e profesorado.
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Contamos cun equipo TIC cohesionado, motivado e multidisciplinar. Integración das ferramentas corporativas na actividade diaria (AV, XADE, Abalar...).	Non dispoñemos dun plan organizado de formación de usuarios dirixido a profesorado e alumnado. Escaso aproveitamento das tecnoloxías dixitais para a organización de espazos e eventos (reserva de aulas, calendario de actividades...).

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Aumento da oferta de servizos dixitais corporativos. Posibilidade de organizar actividades formativas á medida do centro.	Falta de soporte técnico nos centros. A Administración non cubre o custe de licenzas de software para ciclos formativos.
	<b>LEXISLACIÓN</b>		Cambios constantes na lexislación educativa que provocan unha grande carga de traballo burocrático.
	<b>CONTORNA</b>	Existen centros de innovación relacionados coas TIC nas proximidades (CITIUS, CESGA). Aulas de informática municipais e de acceso libre (Edificio do Casino, Espazo Xove Noia - Casa da Cultura).	Algúns alumnos de zonas rurais teñen unha mala conexión a internet.
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	O Concello pode financiar actividades relacionadas con proxectos TIC, como xa fixo no pasado. Concello con Sede electrónica para xestións locais: necesidade de alfabetización dixital. Colaboracións cos centros educativos da contorna e organización de actividades conxuntas. Colaboración con empresa externa para xestión, mantemento e adquisición de equipamento dixital. Participación en programas europeos (E-Twinning) que favorecen o emprego de novas tecnoloxías.	

### 3. Plan de Acción

A partir da análise DAFO defínense uns obxectivos prioritarios en relación co uso da tecnoloxía dixital no centro. Na definición destes obxectivos tamén se tivo en conta a experiencia aportada polos membros do equipo dinamizador e a dirección do centro. O Plan de Acción constitúe a folla de ruta que nos debe guiar cara a súa consecución. Para iso, defínense indicadores e accións vinculados a cada obxectivo, como se indica no seguinte apartado.

- **Indicadores:** parámetros claros e medibles que nos permitan cuantificar o grao de consecución dos obxectivos propostos.
- **Accións:** actuacións concretas e necesarias para acadar ditos obxectivos.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

## Obxectivo 1

"Área/s de mellora": Infraestruturas						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Optimizar a xestión do equipamento informático do centro				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador do Equipo Dinamizador do Plan Dixital, Equipo Dinamizador, Dirección do centro				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de sesións lectivas afectadas como consecuencia de incidencias co equipamento informático					
<b>Valor de partida</b>	Número de sesións lectivas afectadas por incidencias durante o primeiro mes do curso 22/23					
<b>Valor previsto e data</b>	Redución dun 50% no valor de partida			Xuño 23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Rexistro de incidencias detectadas co equipamento informático</b>	Coordinador do Plan Dixital	Finais de setembro de 2022	Formulario de rexistro de incidencias		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Análise das incidencias detectadas e busca de solucións</b>	Equipo dinamizador do Plan Dixital, Dirección do IES	Finais de outubro de 2022	Asesoramento externo (UAC, empresa externa de soporte)		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.3: Implementación das solucións propostas</b>	Equipo dinamizador do Plan Dixital, UAC, Empresa externa de soporte	Finais de decembro de 2022	Posible necesidade de investimento en hardware e/ou licenzas de software		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.4: Seguimento da eficacia das solucións implementadas</b>	Coordinador do Plan Dixital	Finais de febreiro de 2023	Formulario de rexistro de incidencias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.5: Revisión e axuste, se fose o caso, das solucións implementadas</b>	Equipo dinamizador do Plan Dixital, Dirección do IES	Finais de abril de 2023	Asesoramento externo (UAC, empresa externa de soporte)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.6: Análise de resultados</b>	Coordinador do Plan Dixital	Finais de xuño de 2023	Formulario de rexistro de incidencias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Obxectivo 2

"Área/s de mellora": Colaboración e traballo na rede, prácticas de liderado e gobernanza						
<b>2. OBXECTIVO :</b>	Renovación e actualización da páxina web do centro				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC, Equipo directivo, Departamentos didácticos				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	a) Número de usuarios rexistrados. b) % Contidos actualizados. c) % Ligazóns activas. d) Número de usuarios que publican contidos habitualmente.					
<b>Valor de partida</b>	a) 10 usuarios rexistrados b) 40% de contidos actualizados c) 40% de ligazóns activas d) 5 usuarios que publican contidos habitualmente					
<b>Valor previsto e data</b>	a) Máis do 50% do profesorado rexistrados. b) Máis do 90 % dos contidos actualizados. c) Máis do 90% das ligazóns activas d) Máis do 20% dos usuarios que publican contidos.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO2.1: Substituír a web actual por unha versión actualizada e informar ao profesorado.</b>	Equipo TIC, Equipo directivo	Setembro 2022	Web do centro, Titoriais de Drupal		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO2.2: Incorporación progresiva de contidos.</b>	Equipo TIC, Equipo directivo, Departamentos didácticos	1º trimestre do curso 2022-23	Web do centro, Tutoriais de Drupal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.3: Difusión dos contidos e servizos da web na comunidade educativa</b>	Equipo TIC, Equipo directivo, Departamentos didácticos, Responsables das titorías	2º trimestre do curso 2022-23	Web do centro, Tutoriais de Drupal, Plataformas dixitais: Aula virtual e E-Dixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



## Obxectivo 3

"Área/s de mellora": Prácticas de ensinanza e aprendizaxe, contido e currículos						
<b>3. OBXECTIVO:</b>	Dinamizar a formación de profesorado e alumnado en tecnoloxías dixitais educativas				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC e Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Grupos de traballo creados para o profesorado. Sesións de formación dirixidas ao alumnado					
<b>Valor de partida</b>	Formación previa do profesorado. Sesións iniciais co alumnado					
<b>Valor previsto e data</b>	2 grupos de traballo para o profesorado. Sesións de formación con todo o alumnado			Ao longo do curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1: Creación dun Grupo de traballo para formación de novos usuarios E-Dixgal</b>	Coordinador E-Dixgal	1º trimestre	Convocatoria		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2: Formación nas posibilidades e uso da plataforma E-Dixgal</b>	Grupo de traballo	3º trimestre	Equipamento E-Dixgal. Sesións presenciais, con docencia. Actas das reunións.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DATA PREVISTA FIN</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>	<b>ESTADO</b>	
<b>A03.3: Creación dun grupo de traballo para o profesorado sobre creación de contidos dixitais</b>	Grupo de traballo	1º trimestre	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.4: Formación na busca e selección de información, licenzas, ferramentas dixitais de creación de contidos</b>	Grupo de traballo	3º trimestre	Aula informática. Sesións presenciais, con docencia. Actas das reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.5: Difusión dos servizos dixitais educativos (ferramentas corporativas: Moodle, E-Dixgal, Abalar, espazos de apoio...)</b>	Equipo TIC	1º trimestre	Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.6: Formación do alumnado nas plataformas educativas e na creación de contidos (licenzas, citas, ferramentas...)</b>	Equipo TIC, Titorías, Orientación	2º trimestre	Equipamento informático. Sesións de titoría		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No momento da redacción desta primeira versión do Plan Dixital, as principais necesidades do noso centro en relación coa infraestrutura e co equipamento son as seguintes:

1. Despregar unha rede sen fíos no edificio nobre que faga posible o uso dos equipos E-Dixgal do alumnado nas instalacións dese edificio.
2. Renovar o equipamento da aula de Imaxe do Ciclo de Video DJ e Son. O equipamento actual non satisfai os requerimentos mínimos das ferramentas de software empregadas na impartición de diferentes módulos, polo que o desenvolvemento das sesións formativas se ve condicionado de xeito notable.
3. Substituír progresivamente proxectores obsoletos por monitores interactivos.

## 4. Avaliación do plan

O Plan de Acción será obxecto de revisión periódica.

### 4.1. Seguimento do Plan de Acción

- Cunha frecuencia trimestral revisarase o estado da execución das accións. Tamén se analizarán os resultados acadados por se fose preciso introducir modificacións nalgunhas delas.

### 4.2. Propostas de mellora

- Ao final do curso, realizarase unha avaliación integral do plan, na que se valorará o grao de consecución dos obxectivos marcados e se poderán realizar propostas de mellorar para o seguinte curso.

## 5. Difusión do plan

O Plan Dixital darase a coñecer á comunidade educativa a través dos órganos de representación como o Claustro e o Consello Escolar. Ademais, tamén se lle dará difusión na páxina web do centro, e estará dispoñible na aula virtual para a súa consulta polo profesorado e para facilitar a participación de toda a comunidade educativa.